

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS, S.A., EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A., XESGALICIA, SOCIEDAD GESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A.U., GALICIA CALIDADE, S.A., REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A., A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Consellería de Facenda e Administración Pública- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. Que SPI Galicia SA, FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA, SEAGA, XESGALICIA, GALICIA CALIDADE, a CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA e a SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. son entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea b) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e institucións públicas autonómicas (LOFAXGA).

(2) Obxecto

O obxecto do convenio entre a EGAP e as demais entidades, é a colaboración e o desenvolvemento conxunto das actividades de carácter formativo que se relacionan no seu anexo, actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes.

(3) Finalidade

A EGAP e as demais asinantes, en virtude do disposto no convenio, colaborarán na organización, desenvolvemento e financiamento das actividades relacionadas no seu anexo.

(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o período de



vixencia deste convenio.

No que se refire ás restantes entidades asinantes colaborarán economicamente coa achega dun importe con cargo aos seus orzamentos, mediante a oportuna modificación orzamentaria, que se encargará de executar directamente a EGAP. O dito importe será o reflectido na táboa recollida no Anexo I e que ten en conta o número de alumnos que se reserva para cada unha daquelas e será aboado por cada entidade á finalización dos cursos de cada exercicio e sempre tras a acreditación e xustificación dos gastos incorridos.

No caso de que non se cubran as prazas unha vez reservadas, serán aboadas igualmente pola entidade correspondente. A reserva inicial establécese no Anexo I.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalízase coas entidades referidas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que se estenderá dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, podendo ser prorrogado por acordo entre as partes, por períodos sucesivos, salvo que calquera das partes comunique á outra, de forma fidedigna, e cunha antelación mínima de tres (3) meses, a súa vontade de dar por extinguido o convenio ao termo do prazo convindo ou de calquera das súas prórrogas, sempre ata un máximo de 4 anos.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinada dixitalmente en Santiago de Compostela
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete.

